



### ANEXO III

#### Especies de aves do anexo I da Directiva 79/409/CEE presentes na ZEPA A Limia

Nome científico	Nome galego	Estatus
<i>Ixobrychus minutus</i>	Garza pequena	Estival
<i>Nycticorax nycticorax</i>	Garza da noite	Accidental
<i>Egretta garzetta</i>	Garzota	Rara
<i>Ardea purpurea</i>	Garza vermella	Accidental
<i>Ciconia ciconia</i>	Cegoña branca	Est./inv
<i>Platalea leucorodia</i>	Cullereiro	Accidental
<i>Pernis apivorus</i>	Miñado abelleiro	Rara
<i>Elanus caeruleus</i>	Lagarteiro cincento	Accidental
<i>Milvus migrans</i>	Millafre negro	Rara
<i>Milvus milvus</i>	Millafre real	Accidental
<i>Circus gallicus</i>	Aguia cobreira	Rara
<i>Circus aeruginosus</i>	Tartaraña das xunqueiras	Rara
<i>Circus cyaneus</i>	Gatafornela	Residente
<i>Circus pygargus</i>	Tartaraña cincenta	Estival
<i>Buteo rufinus</i>	Miñado mouro	Accidental
<i>Hieraaetus pennatus</i>	Aguia calzada	Rara
<i>Pandion haliaetus</i>	Aguia pescadora	Accidental
<i>Falco peregrinus</i>	Falcón peregrino	Rara
<i>Porzana porzana</i>	Poliña pinta	Accidental
<i>Tetrax tetrax</i>	Sisón	Estival
<i>Otis tarda</i>	Avetarda	Accidental
<i>Himantopus himantopus</i>	Pernalonga	Accidental
<i>Recurvirostra avosetta</i>	Avoceta	Accidental
<i>Burhinus oedicnemus</i>	Alcaraván	Estival
<i>Pluvialis apricaria</i>	Píldora dourada	Invernante

Nome científico	Nome galego	Estatus
<i>Philomachus pugnax</i>	Combatente	Rara
<i>Sterna hirundo</i>	Carrán común	Rara
<i>Sterna albifrons</i>	Carrán pequeno	Accidental
<i>Chlidonias hybridus</i>	Gaivina de cara branca	Rara
<i>Chlidonias niger</i>	Gaivina negra	Rara
<i>Caprimulgus europaeus</i>	Avenoiteira cincenta	Estival
<i>Alcedo atthis</i>	Picapeixe	Residente
<i>Calandrella brachydactyla</i>	Calandriña	Estival
<i>Lullula arborea</i>	Cotovía pequena	Residente
<i>Anthus campestris</i>	Pica campestre	Estival
<i>Sylvia undata</i>	Papuxa do mato	Residente
<i>Lanius collurio</i>	Picanzo vermello	Estival
<i>Emberiza hortulana</i>	Escribenta hortelá	Accidental

Orde do 18 de novembro de 2009 pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 20 de marzo de 2009 pola que se convocan para o exercicio orzamentario de 2009 as axudas para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal.

A orde da Consellería do Medio Rural do 20 de marzo de 2009 (DOG nº 58, do 25 de marzo) establece a convocatoria para 2009 para a concesión de

subvencións para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal.

No seu artigo 5, indícase que o financiamento das axudas previstas nesta orde se fará con cargo aos orzamentos da Consellería do Medio Rural para o ano 2009, na aplicación orzamentaria 11.03.713D.781.0, cunha dotación de 125.000 €; e con fondos transferidos polo Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, de acordo co previsto no Real decreto 1615/2007, do 7 de decembro.

Unha vez recibidos os ditos fondos, considérase oportuno ampliar o importe da dotación orzamentaria consignada inicialmente para a concesión das mencionadas axudas.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.1.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-*Obxecto.*

1. Amplíase a dotación orzamentaria con fondos transferidos do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño despois da correspondente xeración de crédito, segundo se establece no artigo 5 da Orde do 20 de marzo de 2009 (DOG nº 58, do 25 de marzo) pola que se convocan para o exercicio orzamentario de 2009 as axudas para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal.

2. O incremento da dotación será con cargo á aplicación orzamentaria 49.04.741A.771.0 por un importe de 241.545 euros.

3. En todo caso, a concesión das axudas reguladas na mencionada orde estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

#### *Disposición adicional*

Única.- A ampliación de crédito prevista no artigo único desta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na Orde do 10 de xuño de 2009 pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes das axudas previstas na mencionada Orde do 20 de marzo de 2009.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural

*Orde do 18 de novembro de 2009 pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 29 de abril de 2009 pola que se modifica a Orde do 24 de xuño de 2008, pola que establecen as bases reguladoras de concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2009.*

A Orde do 29 de abril de 2009 pola que se modifica a Orde do 24 de xuño de 2008 (DOG nº 87, do 6 de maio de 2009), pola que se establecen as bases reguladoras de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2009, no seu artigo 7 relativo ao financiamento destas axudas, detalla a aplicación orzamentaria e o importe económico previsto para elas. Este artigo prevé expresamente a posibilidade de incrementar a dotación orzamentaria contida na referida orde polo que, tendo en conta que o número de solicitudes presentadas superou as previsións realizadas por esta consellería, cómpre ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente.

En consecuencia, de conformidade co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase a dotación orzamentaria que se establece na Orde do 29 de abril de 2009, pola que se modifica a Orde do 24 de xuño de 2008 (DOG nº 87, do 6 de maio 2009), pola que se establecen as bases reguladoras de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2009.

Segundo.-O incremento da dotación para o exercicio 2009 será de 96.593 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 49.02.712C.770.0 (código proxecto 200209800) 570.049 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 49.02.713C.770.2 (código proxecto 200500452) e 2.911.251,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 49.02.713C.770.2 (código proxecto 200800429), dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Terceiro.-Esta modificación non afecta o prazo que se establece para a presentación de solicitudes de axuda na devandita Orde do 29 de abril de 2009.